

CONVOCATORIA 2015 DAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO PARA MAIORES DE 18 ANOS

(Resolución do 14 de xaneiro de 2015. DOG. 13. 21/01/2015)

1.- Requisitos para presentarse as probas:

- ❖ Ter cumpridos 18 anos o día anterior á data de realización da proba.
- ❖ Non estar matriculado na ESO, nin na ESA nin no 2º curso dun PCPI. Para presentarse hai que renunciar a ser avaliadas por esas ensinanzas.

2.- Contidos das probas:

- ❖ **Ámbito de comunicación:** inclúe as materias de lingua e literatura castelá, lingua e literatura galega e lingua estranxeira (inglés/francés). En galego e castelá haberá un exercicio de redacción.
- ❖ **Ámbito científico-tecnolóxico:** matemáticas, ciencias natureza, bioloxía e xeoloxía, física e Química e tecnoloxía.
- ❖ **Ámbito social:** ciencias sociais, xeografía e historia, educación para a cidadanía, música e educación plástica e visual.

3.- Centros máis próximos onde se realizan as probas: Santiago.

- IES San Clemente: o alumnado co primeiro apelido entre a letra A-L.
- IES Rosalía de Castro: o alumnado co primeiro apelido entre a M-Z.

4.- Matrícula:

Deberase entregar na secretaría do centro onde se examinará a seguinte documentación:

- **ANEXO I** debidamente cumprimentado.
- **Fotocopia do DNI.**
- Copia compulsada dos ámbitos superados en anteriores convocatorias ou certificación académica das materias superadas.

A matrícula será nas seguintes datas:

Convocatoria de maio: do **16 de marzo ao 27 de marzo de 2015** (ámbolos dous incluídos)

Convocatoria de setembro: do **1 ao 10 de xullo de 2015** (ámbolos dous incluídos)

- As persoas matriculadas para a 1ª convocatoria, se non superan todos os ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a 2ª convocatoria sen ter que presentar nova documentación.

5.- Realización das probas:

- **29 de maio de 2015.**
- **9 de setembro de 2015.**

O horario é o seguinte:

- 8:30-9:00. Chamamento para o acceso aos espazos onde se realizará a proba.
- 9:30- 12:00. Ámbito científico-tecnolóxico.
- 12:15- 13:15. Ámbito social.
- 16:00- 19.00. Ámbito de comunicación.

Se precisades máis información, preguntade no Dpto. Orientación do CIFP Coroso.